



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL CATORCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta e cinco minutos do vinte e oito de outubro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, M^a del Mar Villaverde Rosales, Alberto Villaverde Méndez e Manuel Domínguez Álvarez. Escusan a non asistencia o concelleiro D. Juan José Rodríguez Grandal e a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesiões en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4008.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 30 DE SETEMBRO DE 2014, NÚM. 504.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. Alcalde dáse conta da acta anterior preguntando aos asistentes se hai observación algunha á acta formulándose polo Voceiro do Grupo Municipal do PP a seguinte:

a) Se os asistentes están de acordo, solicitamos que se engada en acta, na intervención do Concelleiro de Turismo, que era unha funcionaria quen entregaba os cartos en efectivo aos stands.

A Corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar a acta número 504 da sesión do 30 de setembro de 2014, coa rectificación exposta polo Voceiro do PP.

4009- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Sra. Secretaria presente na sesión dá conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3998.- URBANISMO, DAR CONTA DO ACORDO NÚMERO 12415 CORRESPONDENTE AO EXP. 20/14 DE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PXOM A VIVENDA SITA EN AVDA. DA PRAIA 61 DE LOURIDO E RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CON DATA 19/09/2014 CONTRA O DEVANDITO ACORDO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao recorrente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo do Concello; 3999.- URBANISMO, EXP. 222/14, INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao Concello de Pontevedra e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo do Concello; 4000.- URBANISMO, EXP. 306/14, MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 4 PXOM DO

CONCELLO DE SANXENXO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao Concello de Sanxenxo e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo do Concello; 4001.- URBANISMO, EXP. 313/14, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, SOLO URBANIZABLE A-1.2 VAO-CAMPAÑÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao Concello de Pontevedra e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo do Concello; 4002.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN CONTRA DO CANON BIBLIOTECARIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia do Goberno de España, Presidente da Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego; 4003.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE REXEITAMENTO DA MODIFICACIÓN DA LOREG PROPOSTA POLO PP PARA ELIXIR DIRECTAMENTE AOS ALCALDES E ALCALDESAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 4004.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTAS INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A EXTENDER O SUBSIDIO POR DESEMPREGO ÁS PERSOAS DE LONGA DURACIÓN QUE CAREZAN DE INGRESOS E TEÑAN RESPONSABILIDADES FAMILIARES ASÍ COMO A OUTROS COLECTIVOS CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE INSERCIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia do Goberno de España e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social; 4005.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O MODELO DAS BOLSAS ESTUDIANTÍS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia do Goberno de España e ao Ministerio de Cultura, Educación e Deporte; 4006.- MOCIÓN DO BNG POLA DEFENSA DA PLURALIDADE E A PARTICIPACIÓN POLÍTICA E CONTRA A REFORMA ELECTORAL QUE PRETENDE O PP.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia do Goberno en Galicia; 4007.- MOCIÓN DO BNG PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA EN COMBARRO (CHANCELAS-COVELO).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.”.

A Corporación dáse por enterada.

4010.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

Polo Voceiro do Grupo Municipal do PP fórmulase idéntica pregunta á do Pleno anterior, se polo Sr. Alcalde se ditou resolución algunha sobre a retirada das sancións de tráfico.

O Alcalde contesta que a data da sesión do Pleno non se ditou resolución ningunha nese sentido.

A Corporación dáse por enterada.

Neste momento entra no Salón de sesión a Concelleira D^a. Celeste Nieto García e o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

4011.- INTERVENCIÓN, EXP. 269/14.- SOLICITUDE CONCESIÓN BONIFICACIÓN NA COTA DO ICIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 20 de outubro de 2014 emitíndose o seguinte informe: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D^a María del Carmen Quiñones Chapela, expte. núm. 269/14 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 27 de agosto de 2014, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras de reforma cuberta existente en Rúa San Roque núm. 26 do lugar de Combarro. Consta no expediente

informe favorable da interventora municipal de data 17 de setembro de 2014.

A Comisión por unanimidade, de conformidade co sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 269/14, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada e propor ao Pleno a súa aprobación. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar de especial interese as obras correspondentes ao expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 269/14, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Segundo: Aprobar a bonificación do 95% na cota do ICIO devengada e correspondente ao expediente 269/14 tramitado a instancia de D^a. María del Carmen Quiñones Chapela.

Terceiro: Notificar este acordo á solicitante con indicación de que contra o presente acordo, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

4012.- INTERVENCIÓN-TESOUSERÍA, INFORME RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 20 de outubro de 2014 emitíndose o seguinte informe: “Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 13 de outubro de 2014 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

Por parte da interventora municipal dáse conta do contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses dende a súa anotación no rexistro contable (tomando como data de inicio do cómputo de data a finalización do 3º trimestre do exercicio 2014 (30 de setembro), é dicir que fosen rexistradas antes do 1 de xullo de 2014, sen que se procedese a levar a cabo o expediente de recoñecemento de obrigas no día da data, infórmase que ascenden a 13 facturas e a un importe total de 106.522,48 €.

En conclusión, segundo o informe que se xunta derivado dos datos obrantes no programa de contabilidade do que se dispón, as facturas que se atopan a 30 de setembro de 2014 pendentes de abono por un

prazo superior a 30 días dende a data de rexistro contable ascenden a 124 facturas e a un total de 236.577,92€; por outra parte, as facturas pendentes de pago dentro do prazo de pago de 30 días ascendían a 178 facturas e a unha cantidade total de 371,336,16 € .

Así, o período medio pendente de pago das facturas aprobadas (PMPP) ascendeu no terceiro exercicio 2014 segundo o cálculo efectuado polo programa contable existente, salvo erro ou omisión involuntaria, a 37,62 días e o período medio pendente de pago excedido (PMPPE) a 41,78 días.

Ademais os pagos realizados no terceiro trimestre do exercicio 2014 dentro do período legal de pago ascendían, a 30 de setembro de 2014, a un total de 576 facturas e a unha cantidade total de 783.787,04 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 30 de setembro, a un total de 45 facturas e a unha cantidade total de 86.287,61 euros.

Así, o período medio de pago (PMP) ascendeu no terceiro trimestre de 2014, segundo o cálculo efectuado polo programa contable existentes, salvo erro ou omisión involuntario, a 19,84 días e o período medio de pago excedido (PMPE) a 14,24 días.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada.”.

A Corporación dáse por enterada.

4013.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIONS NOMINATIVAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 20 de outubro de 2014 emitíndose o seguinte informe: “Dáse conta do expediente, da Proposta da Concelleira Delegada de Deportes e Festexos de data 14 de outubro de 2014, do informe da Intervención Municipal de data 15 de outubro de 2014 e da Proposta da Alcaldía de data 15 de outubro de 2014 que, textualmente, di o seguinte:“ PROPÓN modificar o anexo de subvencións nominativas aprobado, xunto co orzamento do presente exercicio 2013, prorrogado na data de emisión deste informe, co fin de: Primeiro: variar a finalidade da subvención nominativa prevista, por importe de 900 €, para a Comisión de Festas ou persoa física que organizase a festa patronal de Raxó, de xeito que finalidade da mesma pase a ser a organización da festividade en honor de Santiago Apóstolo en Raxó mantendo o importe da mesma en 900 € e sendo os beneficiarios a AAVV A Laxe, previa xustificación segundo o exposto nas Bases de Execución do Orzamento e na Ordenanza reguladora de Subvencións do Concello.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación segundo a Proposta da Alcaldía e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar a modificación do anexo de subvencións nominativas aprobado, xunto co orzamento do presente exercicio 2013, prorrogado na data de emisión deste informe, co fin de variar a finalidade da subvención nominativa prevista, por importe de 900 €, para a Comisión de Festas ou persoa física que organizase a festa patronal de Raxó, de xeito que finalidade da mesma pasa a ser a organización da festividade en honor de Santiago Apóstolo en Raxó mantendo o importe da mesma en 900 € e sendo os beneficiarios a AAVV A Laxe, previa xustificación segundo o exposto nas Bases de Execución do Orzamento e na Ordenanza reguladora de Subvencións do Concello.

Segundo: Someter o expediente a información pública mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, e de non formularse alegación ningunha contra o expediente no prazo indicado enténdese aprobado definitivamente.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites procedentes do expediente.

4014.- BENESTAR SOCIAL, ACTUALIZACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE POIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 20 de outubro de 2014 emitíndose o seguinte informe: “Dáse conta do expediente, da Proposta da Concelleira de Benestar Social e Igualdade, de data 6 de outubro de 2014 sobre a modificación da Ordenanza do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) co fin de adaptala á normativa vixente; do informe da traballadora social e coordinadora do SAF do Concello de Poio, de data 10 de outubro de 2014 que textualmente di o seguinte: “Rosa Freire Fariña traballadora social e coordinadora do SAF do concello de Poio **Informa:**

No ano 2012 apróbase o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no que se recolle tanto as actuacións de carácter básico como as actuacións de carácter complementarios do servizo de axuda no fogar (artigo 14).

A publicación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle una nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

Asemade se recollen outras modificacións suxeridas dende o servizo de inspección da Xunta de Galicia que se fan necesarias como trámite previo para seu posterior visado polo organismo autonómico competente.

En consecuencia e coa finalidade de garantir a equidade e a intensidade homoxénea nos tipos de atención e os criterios de participación económicas das persoas usuarias e de conformidade co marco normativo que confire aos concellos a potestade regulamentaria (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local), e de auto-organización dentro da esfera das súas competencias; nace a obriga de actualizar a ordenanza coa aprobación de todos os cambios que se detallan a continuación quedando a mesma redactada segundo o texto refundido que se achega (anexo A).

Relación de cambios:

Na Exposición de Motivos engádese o parágrafo nº 6 que di O Decreto 149/2013, do 5 de setembro {...}.

No artigo 6º c) engádese: VI. Apoio á unidade familiar.

O artigo 7º Persoal do servizo queda redactado como segue “A persoa que ocupe o posto de coordinador/a do servizo de Axuda a Domicilio tera que estar en posesión de calquera das titulacións propias da área de servizos sociais.

- O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

- Outros profesionais para a prestación de servizos complementarios.

- Voluntariado.”

No artigo 9º se inclúe o apartado 11 que dí: Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos {...}.

No artigo 13º modifícase o apartado 1 e queda redactado como segue “Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias da dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.”

No artigo 15º se fan varias modificacións e queda como segue “

Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

O Concello de Poio, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

Un informe social no caso de libre concorrencia (Anexo I), asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo II desta ordenanza.

c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Poio e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.

d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.”

No artigo 17º modifícase o apartado 3 e queda como segue “A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.”

No artigo 19º queda como segue

“1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

3.- Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu receptor unha contía equivalente ao 49% dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual. Garantiráselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653 euros, no suposto de que a persoa usuaria traballe

nun centro especial de emprego, este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.

4.- Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100% do custe de referencia do servizo.

No artigo 20º cambiase a denominación do mesmo e queda como segue “Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.” e modifícase o apartado 3 que queda como segue “A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar”.

No artigo 21º modifícase o cadro do apartado 2 que queda como segue.

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I <=20 H	Grao II <=45H	Grao III <=70 H
100,00 %	0,00	0,00	0,00
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %

150,00 %	5,55 %	11,79%	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97%

E se engaden ademais os apartados 4 e 5 quedando como segue

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	31,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %

300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

No artigo 22º elimínase o apartado 5.

O artigo 26º modifícase e queda redactado como segue “O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.”

A Disposición Derrogatoria modifícase e queda como segue “Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº91 de 14 de maio de 2014 e a rectificada no BOP nº 128 do 14 de xullo de 2014, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.”

A Disposición Derradeira modifícase e queda como segue “A presente Ordenanza, despois de ser aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor unha vez que teña transcorrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.

Hai cambios no anexo III que queda como segue

ANEXO III.- SERVIZO DE AXUDA NON FOGAR

Acordo do Servizo

Reunidos en..... o día.....

Dunha parte don/dona.....con DNI.....

E doutra.....en calidade de Técnico

Responsable do servizo de axuda no fogar de.....

ACORDAN:

1. Que o concello de _____ /a entidade prestadora....., prestará o Servizo de Axuda no fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día _____ do _____ de 200_____.

2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizara con carácter indefinido para as persoas usuarias de dependencia e para as persoas que acceden polo sistema de libre concorrência por un prazo de _____, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de Servizos Sociais/dá Entidade prestadora acreditada.

3. Que o SAF se levará a cabo por un total de..... Horas/mensuais, distribuídas semanalmente nos seguintes días.
.....

4. Que atendendo ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, ao Decreto 149/2013, do 5 de novembro, á Orde do ___ de ___ que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de..... euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de..... % sobre a súa capacidade económica. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar a cantidade de..... Euros polo total de horas prestadas.

Para as persoas usuarias que acceden ao sistema por libre concorrencia:

Que atendendo ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, á Orde do ___ de ___ que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a

persoa usuaria conta cunha capacidade económica de euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de % sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar a cantidade de..... Euros polo total de horas prestadas.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da tarxeta do SAF, establecido non punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal

Atencións de carácter persoal doutras actividades da vida diaria (acompañamentos fora do fogar)

Atencións de carácter apoio psicosocial e educativo.

Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

Atencións de carácter técnico e complementario.

7. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

8. Que o servizo prestarase atendendo ás condicións reguladas na Orde do ___ de ___ que regula o Servizo de Axuda non fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

9. Que se pon a disposición das persoas usuarias un libro de queixas e reclamacións nas dependencias do Concello.

10. Que co presente acordo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada polo órgano competente.

Ambas as partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

En _____ a _____ de _____ 200____ “;

Dáse conta igualmente do informe da Intervención Municipal de data 15 de outubro de 2014 e do informe da Secretaría Municipal de data 16 de outubro de 2014 obrantes no expediente.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou ditame emitido pola Comisión Informativa

de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar provisionalmente as modificacións da ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Poio coas segundo o informe emitido pola Traballadora Social e Coordinadora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Poio que figura transcrito no presente acordo.

Segundo: Someter o expediente á información pública polo prazo de 30 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Taboleiro de Anuncios e unha vez transcorrido o prazo establecido de non presentarse reclamación ou alegación ningunha contra o mesmo entenderase definitivamente aprobado procedéndose á publicación íntegra do texto refundido da devandita ordenanza coas modificacións introducidas, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

Neste momento entra no Salón de Concelleiros a Sra. Alicia Martínez González.

4015.- PATRIMONIO, RECTIFICACIÓN INVENTARIO 2012.- De conformidade co establecido no artigo 34 do Real decreto 1372-1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais elévase a consideración do Pleno o expediente formado e correspondente á rectificación do Inventario de bens e dereitos correspondente ao exercicio 2012 e que foi sometido á Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de outubro de 2014 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente tramitado co motivo da rectificación do Inventario Municipal de Bens correspondente ao exercicio 2012 e do informe da secretaria xeral, de data 16 de outubro de 2014.

Incorpórase ao expediente resumo de altas e baixas producidas no devandito patrimonio co seguinte resultado: Activo: Aumentos bens inmoables (epígrafe 1) 40,768,01 €. Baixas bens inmoables (Epígrafe 1) 410.000,00 € Pasivo: Ningún aumentos 2012: Baixas: 2012: 700.516,27 €. Suma Activo a 31.12.2012: 11.245.273,74 € Suma Pasivo a 31.12.2012: 8.831.295,31 € Diferencia patrimonio Líquido a 31.12.2012: 2.413.978,43 €.

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período entre o 01/01/2012 ao 31/12/2012 nos termos que figuran no resumos que consta no expediente.

Segundo: Remitir copia o mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período entre o 01/01/2012 ao 31/12/2012 nos termos que figuran no resumos que consta no expediente.

Segundo: Remitir copia o mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma

4016.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOBRE O MARISQUEO NO NOSO CONCELLO.- Dáse conta do expediente tramitado a instancia do Grupo Municipal Socialista mediante moción presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio con data 01 de outubro de 2014 e número 5121 sobre o marisqueo no noso Concello e que foi elevada a consideración da Comisión Informativa de Facenda,

Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada con data 20 de outubro de 2014 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da moción presentada polo Grupo Socialista do Concello de Poio, do mes de setembro de 2014 con data de entrada no Rexistro Xeral o día 1 de outubro de 2014 que, tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación Municipal instar á Xunta de Galicia a:“ 1) Proceder a paliar a falta de ingresos que sofren o/as mariscadores/as polo paro forzoso mediante un sistema de axudas ou un seguro que garanta uns ingresos mínimos que permitan vivir con dignidade. 2) Desenvolver os estudos que permitan establecer as causas que producen o aumento de toxinas dos últimos anos para poder establecer as medidas correctoras que minimicen a incidencia da mesma.”

A Sra. Besada Lores explica o contido da moción indicando que estes últimos anos é máis crucial xa que as mariscadoras a pé das confrarías tiveron uns ingresos mínimos que case non lles dá para cubrir os gastos dos seguros; entendemos que se debe de facer un estudo serio para ver cal é a razón de que cada vez exista máis toxina na Ría de Pontevedra.

O Sr. Barreiro Lubián di que o estudo xa tiña que estar feito e seguro que saben os motivos pero claro que iso non é rentable. Nos imos apoiar a moción.

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Comeza a quenda de intervencións a Sra. Besada Lores manifestando aos asistentes que presentan a moción pola situación actual das persoas que traballan no marisqueo a pé, xa que nos últimos anos vén limitado o seu traballo por culpa das toxinas na ría, agravado este último ano que pechou longas tempadas repercutindo negativamente nos profesionais xa que as veces os ingresos dificilmente chegan para cubrir os gastos e ademais somos conscientes que na situación actual na que nos atopamos estes ingresos poden ser os únicos de moitas familias.

Nos nesta moción pedimos que se establezan axudas ou seguros que garantan uns ingresos mínimos así como que se realicen os estudos necesarios para determinar cal é o motivo de que haxa tanta toxina, porque non está claro cal é a súa procedencia.

A continuación toma a palabra a Sra. Díaz Iglesias, Voceira do Grupo Municipal do BNG manifestando que o seu grupo está a favor de que se aprrobe a moción porque entenden que é necesario que se adopten medidas para paliar a problemática do marisqueo a pé, xa que se están dando factores para ser un ano negro para este sector: as grandes choivas sufridas a comezos de ano e despois a toxina. Soamente con facilitar os datos da lonxa de Campelo, na que os ingresos se reduciron un 55,5% o que supón unhas 255 toneladas menos de bivalvo sobre todo no berberecho, nos cremos que se trata dunha moción importante para axudar ao sector.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular o Sr. Moldes Martínez explica que o seu grupo tamén vai apoiar a moción, consideramos que se trata dun ano malo e negro para o sector, pero tamén consideramos que todas as administracións se deben implicar e facer a súa parte porque parece que o BNG/PSOE queren evitar e pasar temas por enriba como pode ser a declaración da Zona C, que todos sabemos o que significa. Hai que ter en conta as novas competencias para facer algo xa que non sabemos o que vai durar a declaración da Zona C. Creemos que se deben tomar medidas e tomar este problema como prioritario xa que o o marisqueo é un sector moi importante no noso Concello que crea 800 postos directos a parte de outros posos de forma indirecta.

Estamos dispostos a non facer deste tema da depuradora un motivo electoral ou político, porque se trata dun tema moi sensible.

A continuación, o Sr. Alcalde toma a palabra manifestando que é importante que se saque o tema da depuradora porque parece que todos os problemas que ten a ría son provocados polo Concello de Poio e se nos

achaquen a nos. Pero gustaríame saber e formulo a pregunta que fixo a administración autonómica en Lourizán en 8 anos? Porque este problema non ven de agora é unha problemática que leva moitos anos e non vemos solución. Quen deseñou o sistema de depuración para o Concello de Poio, senón recordo mal foi a Xunta de Galicia.

Os veciños de Poio están pagando un canon á Xunta na facturación e nos non vemos que estes ingresos repercutan para mellorar a ría.

A Sra. Besada Lores di que lle satisface escoitar do PP que se trata dun problema prioritario, pero téñeno que demostrar. O tema do saneamento da ría é da Xunta de Galicia, deseñado por eles cunha depuradora insuficiente, un problema que dura trinta anos e non cremos que se trate dun problema das parroquias (Raxó/Samieira) porque recordemos que o Concello de Sanxenxo tamén verte ao mar. Parece que se está enganando á xente cando se vota a culpa ao Concello nas reunións ou foros que se fan.

A lei establece que o sistema depurativo é competencia da Xunta de Galicia pero quen padece as consecuencias son as familias.

O Sr. Barreiro Lubián di que o sistema de depuración cando se fixo, para dar cobertura a varios concellos, xa se fixo dunha forma insuficiente xa que foi deseñada para 40.000 habitantes cando o Concello de Pontevedra xa contaba con 70.000, foi unha actuación para cubrir expediente e recibir as axudas, pero está claro que se fixo mal, porque a pesar de que se mellorou moito, neste momento está a empeorar. Os concellos fixeron esforzos moi importantes no tema do saneamento e cando se fala dun estudo serie é para ver de onde ben o foco de infección e saber ao que non enfrontamos. En especial gustaríalle que se analizase a situación que poda existir detrás da Illa de Tambo. Neste pleno discutiuse moitísimas veces o sistema de depuración e a Xunta fixo o que quixo, peor non estamos pero moito mellor tampouco, debemos de tomar medidas.

O Sr. Moldes Martínez e en relación ao manifestado pola Sra. Besada Lores sobre as competencias das administracións contesta que o PP non mente cando di que as competencias de saneamento son municipais, xa que nos concellos se buscan as ubicacións, somos conscientes que é un tema complicado e estamos seguros que se gobernara o PP estaríamos saíndo pola fiestra, teríamos que ver se vos seríades tan leais se nos gobernamos dentro duns meses. O PP fai foros e outros tratan de boicotealos, esa é a democracia da que fala o PSOE. Podemos votarlle a culpa a quen se queira pero a realidade é que temos un problema que debe ser prioritario. Nos como Concello temos que buscar unha ubicación, xa que ao problema da declaración da Zona C tamén lle podemos engadir os resultados negativos das análises das augas que dan lugar a que se pechen as zonas de baño como ocorreu este verán na praia do Laño.

O Sr. Alcalde di que leva 19 anos na Alcaldía e aínda nunca se invitou a ninguén a abandonar o salón nin saíu pola fiestra, non sucedía o mesmo cando estaba na oposición.

Aquí plantexouse un proxecto para Poio, Pontevedra e Sanxenxo coa compra de terreos pero á Xunta non lle gustaron cremos que non se trata unicamente dun problema de Poio.

O problema da praia do Laño foi puntual, sempre conta cunha calidade de auga moi boa, os resultados están na web para velos, soamente saíu un negativo de sete que se fan, é algo moi raro porque quince días despois os resultados foron excelentes.

A Sra. Besada Lores referíndose ao manifestado polo Sr. Moldes Martínez di que nunca interrompeu nada, as persoas que acudiron a ese foro fixérono de xeito pacífica, aquí ninguén saíu pola fiestra pero quero recordar uns anos atrás coa problemática dos realoxamentos.

O Sr. Agís Gómez di que parece que o mal da ría é do BNG e do PSOE, dos vertidos de Raxó e Samieira. Pero todos sabemos que a declaración da zona C é pola existencia de coliformes que entran na ría

pero que a depuradora de Placeres non os trata por que non conta cos sistemas adecuados para elo. Hai que resolver o problema de forma integral, con tratamento a través de infrarroxos que os eliminan. Aquí díxéronse moita mentiras pero parécenos dunha irresponsabilidade tremenda por parte da Dirección de Augas de Galicia.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de outubro de 2014 sobre a moción do marisqueo na nosa ría o que queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a:

a) Proceder a paliar a falta de ingresos que sofren o/as mariscadores/as polo paro forzoso mediante un sistema de axudas ou un seguro que garanta uns ingresos mínimos que permitan vivir con dignidade.

b) Desenrolar os estudos que permitan establecer as causas que producen o aumento de toxinas dos últimos anos para poder establecer as medidas correctoras que minimicen a incidencia da mesma.

4017.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO GALEGO A CUMPRIR A LEXISLACIÓN EN MATERIA DE MONTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 20 de outubro de 2014 emitíndose o seguinte informe: “Dáse conta da moción presentada polo Grupo Socialista do Concello de Poio, do mes de setembro de 2014 con data de entrada no Rexistro Xeral o día 1 de outubro de 2014 que, tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación Municipal a aprobación dos seguintes acordos:“ Esixir de forma inmediata á administración que deslinde de forma gratuíta os MVMC, conforme ao art. 11.4 da actual Lei de MVMC de Galicia, para que unha vez establecida de forma clara o estado legal do monte as comunidades de propietarios poidan acometer a realización do instrumento de xestión conforme ós requirimentos legais.

Esixir á Xunta que revise a obrigatoriedade de ordenar todos os montes superiores a 25 ha, e que polo menos mentres non haxa unha actuación da administración completando os procesos de deslinde, sinalamento e clarificación dos estados legais dos montes, se manteña a obriga só para os montes de máis de 250 ha. Arboradas, tal como define o regulamento de desenvolvemento da lei de MVMC no seu artigo 49.

Esixir á xunta que cumpra o marco legal da lei 43/2003 e proceda á condonación das débedas dos MVMC, máis cando estas derivan en moitos casos de irregularidades que se produciron nos seus balances económicos.

Esixir o Mantemento das porcentaxes das reinversións no monte que establecía o artigo 23 de lei de MVMC, derrogado pola lei 7/2012 que establecía:”De todos os rendementos económicos que se poidan derivar dos aproveitamentos, resérvase unha cantidade, que se debe fixar nos estatutos, e en todo caso nunca inferior ao 15% daqueles, para investimentos en mellora, protección, acceso e servizos derivados do uso social ao que o monte poida estar destinado”, e non o 40% como establece a lei 7/2012 no seu artigo 125.

Esixir á Xunta o cumprimento inmediato da lei 7/2012 no que atinxe á dos Plans dos Distritos Forestais que xa tiñan que estar aprobados en xaneiro do 2014, co fin de fixar os referentes de boas prácticas forestais e de ter unha seguridade xurídica á ora de redactar plans de ordenación de montes.”

A Sra. Besada Lores explica o contido da moción indicando que con a nova Lei de montes estase a incumprir parte do acordado, nin pon en práctica os lindes, e os convenios coas comunidades de montes non se cumpren; o monte é un sector produtivo que está totalmente abandonado.

O Sr. Barreiro Lubián di que o problema do monte galego é terrible e por parte da administración nunca se tomou en serio. Deixan un plan forestal de 30 anos que non se aplicou; o rendimento neste momento é negativo, non se pon a producir.

O novo plan forestal que se pretende aprobar é peor.

Nos estamos de acordo coa moción.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista a Sra. Besada Lores e manifesta que no ano 1992, no Parlamento Galego, aprobouse o Plan Forestal de Galicia cunha vixencia de 40 anos ata o 2032 e prevía un investimento do 3% do presuposto autonómico, un aproveitamento que repercutía no propio monte.

No ano 2012 aprobaron outra lei onde non se fai ningunha obriga de aproveitamento. Os deslindes téñenos que facer as comunidades de montes. En definitiva agora o monte está olvidado. Con esta moción instamos á Xunta de Galicia para que retome novamente estas actuacións.

A Sra. Días Iglesias di que o seu Grupo apoia a moción porque unha vez máis vemos que o goberno aproba un texto sen saber nin estudar como vai ser a súa aplicación. A noso monte é unha riqueza e unha fonte de ingresos. De non tomarse medidas, a situación pode empeorar creando situacións de perigo, ao non limparse a masa forestal, como poden ser os incendios. Así pasamos dunha fonte de riqueza a unha situación de perigo. Parece que todo indica que a Xunta pretende deixar o monte a cargo dunha empresa privada a través dun contrato de xestión, outro indicador máis das políticas de privatización do goberno de Feijoo. Facemos fincapé na condonación das débedas das mancomunidades.

Apoiamos a moción e apoiamos a manifestación do vindeiro 22 de novembro da Organización Galega de Comunidades de Montes.

Toma a palabra o Sr. Villaverde Méndez e manifesta que se trata dunha moción, cando menos demagóxica, entramos nunha carreira preelectoral. Pensamos que debería ser máis clara. As comunidades están libres de convenios coa Xunta, non hai débedas pero hai que pagar as porcentaxes de vendas de especies. Os deslindes lévanse facendo desde hai anos e podemos reclamar vía xudicial cando queiramos para iso pagamos e non hai máis problema. Neste momento hai conflitos entre as distintas comunidades de montes, porque non se está de acordo, e terá que pagar quen reclame.

A Sra. Besada Lores di que os deslindes deben ser gratuítos para as comunidades, na actualidade quedan moitos montes por deslindar, está claro que senón se empeza non se remata. Vemos necesarios que se fagan convenios de ordenación dos montes e se traballe non so na prevención ou na extinción en épocas temporais, vemos necesario un traballo constante no que se limpe e se pode.

O Sr. Barreiro Lubián di que a moción pode ser demagóxica pero o plantexamento de fondo é outro. Antigamente, distribuíanse os montes cos veciños (plantábanse árbores e recollíanse árbores) pero cremos que responde a políticas para que o monte estea así, un auténtico desastre. Antes a distribución era increíble ata estaban en liña recta, pero a empresa privada seguramente o fará mellor que agora.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Esixir de forma inmediata á administración que deslinde de forma gratuíta os MVMC, conforme ao art. 11.4 da actual Lei de MVMC de Galicia, para que unha vez establecida de forma clara o estado legal do monte as comunidades de propietarios poidan acometer a realización do instrumento de xestión conforme ós requirimentos legais.

Segundo.- Esixir á Xunta que revise a obrigatoriedade de ordenar todos os montes superiores a 25 ha, e que polo menos mentres non haxa unha actuación da administración completando os procesos de deslinde,

sinalamto e clarificación dos estados legais dos montes, se manteña a obriga só para os montes de máis de 250 ha. Arboradas, tal como define o regulamento de desenvolvemento da lei de MVMC no seu artigo 49.

Terceiro.- Esixir á xunta que cumpra o marco legal da lei 43/2003 e proceda á condonación das débedas dos MVMC, máis cando estas derivan en moitos casos de irregularidades que se produciron nos seus balances económicos.

Cuarto.- Esixir o Mantemento das porcentaxes das reinversións no monte que establecía o artigo 23 de lei de MVMC, derrogado pola lei 7/2012 que establecía:”De todos os rendementos económicos que se poidan derivar dos aproveitamentos, resérvase unha cantidade, que se debe fixar nos estatutos, e en todo caso nunca inferior ao 15% daqueles, para investimentos en mellora, protección, acceso e servizos derivados do uso social ao que o monte poida estar destinado”, e non o 40% como establece a lei 7/2012 no seu artigo 125.

Quinto.- Esixir á Xunta o cumprimento inmediato da lei 7/2012 no que atinxe á dos Plans dos Distritos Forestais que xa tiñan que estar aprobados en xaneiro do 2014, co fin de fixar os referentes de boas prácticas forestais e de ter unha seguridade xurídica á ora de redactar plans de ordenación de montes.

4018.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOBRE A RECUPERACIÓN DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE DE TRATO ENTRE HOMES E MULLERES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 20 de outubro de 2014 emitíndose o seguinte informe: “Dáse conta da moción presentada polo Grupo Socialista do Concello de Poio, do mes de outubro de 2014 con data de entrada no Rexistro Xeral o día 14 de outubro de 2014 que, tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

“ Esixir ao Goberno que manteña o Instituto da Muller como organismo autónomo especializado na Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres.

Esixir ao Goberno que modifique os obxectivos deste organismo devolvéndolle a capacidade de acción que antes tiña centrada na igualdade entre homes e mulleres para, entre outras cousas, coordinar as políticas de igualdade co resto de Ministerios e organismos públicos, así como para facer o seguimento de toda a lexislación relativa á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

Esixir ao Goberno o aumento da dotación orzamentaria do Instituto da Muller co obxectivo de que poida seguir ocupándose de temas tan prioritarios como son a erradicación da violencia de xénero, o emprego, a educación non sexista, trátaa de persoas con fins de explotación sexual, etc.

Esixir ao Goberno que, desde o Instituto da Muller sígase apostando polo traballo conxunto en colaboración coas autonomías e entes locais.

Esixir ao Goberno que tramite a Lei Integral de Igualdade de trato e non discriminación co fin de profundizar no valor da igualdade máis aló do seu recoñecemento legal e garanta a igualdade de trato e a loita contra a discriminación.”

A Sra. Besada Lores explica o contido da moción indicando que o Instituto da Muller creouse como Organismo Autónomo da Administración Central en 1983 e está funcionando ata agora que este goberno quere suprimilo. Entendemos que debe manterse, xa que se conseguiron moitos logros pero aínda quedan moitos por conseguir.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Comeza a quenda de intervencións a Sra. Besada Lores no que di que efectivamente o Instituto da Muller se creou en 1983, acababamos de saír dunha ditadura onde a discriminación á muller era maior.

Avanzamos moitísimo, pero aínda hai moita discriminación de trato sobre todo na empresa privada. Por estes motivos e moitos máis para poder seguir loitando cremos que o Instituto da Muller é moi necesario.

A Sra. Díaz Iglesias manifesta que o seu grupo está a favor da moción pero aínda que moito que facer para conseguir a igualdade, na empresa privada a presenza da muller é moi escasa e este Instituto é un instrumento necesario para a igualdade.

O Sr. Moldes Martínez dí que o seu grupo non comparte na súa totalidade a moción polo que manifesta que se vai abster.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de outubro de 2014 o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Esixir ao Goberno que manteña o Instituto da Muller como organismo autónomo especializado na Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres.

Segundo.- Esixir ao Goberno que modifique os obxectivos deste organismo devolvéndolle a capacidade de acción que antes tiña centrada na igualdade entre homes e mulleres para, entre outras cousas, coordinar as políticas de igualdade co resto de Ministerios e organismos públicos, así como para facer o seguimento de toda a lexislación relativa á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

Terceiro.- Esixir ao Goberno o aumento da dotación orzamentaria do Instituto da Muller co obxectivo de que poida seguir ocupándose de temas tan prioritarios como son a erradicación da violencia de xénero, o emprego, a educación non sexista, trátaa de persoas con fins de explotación sexual, etc.

Cuarto.- Esixir ao Goberno que, desde o Instituto da Muller sígase apostando polo traballo conxunto en colaboración coas autonomías e entes locais.

Quinto.- Esixir ao Goberno que tramite a Lei Integral de Igualdade de trato e non discriminación co fin de profundizar no valor da igualdade máis aló do seu recoñecemento legal e garanta a igualdade de trato e a loita contra a discriminación

4019.- URBANISMO, DAR CONTA DO ACORDO Nº 12533, DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL, SOBRE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO ERRO NA RELACIÓN DE PROPIETARIOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE TRATAMENTO PAISAXÍSTICO E DE MUSEALIZACIÓN DA ÁREA ARQUEOLÓXICA DA CAEIRA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do acordo número 12533 adoptado pola Xunta de Goberno Local e que di o que segue: “12533.- URBANISMO, PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO ERRO NA RELACIÓN DE PROPIETARIOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE TRATAMENTO PAISAXÍSTICO E DE MUSEALIZACIÓN DA ÁREA ARQUEOLÓXICA DA CAEIRA.-Dáse conta do expediente tramitado e da proposta da Alcaldía de data 22 de setembro de 2014 que di o seguinte.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO ERRO PADECIDO NA RELACIÓN DE PROPIETARIOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE TRATAMENTO PAISAXÍSTICO E DE MUSEALIZACIÓN DA ÁREA ARQUEOLÓXICA DA CAEIRA.

Con data 18 de xuño de 2014, esta Alcaldía propuxo ó Pleno os anexos-modificación dos contratos asinados inicialmente no ano 2008 cos propietarios de dita área cunha prórroga de cinco anos no arrendamento e coas cantidades que correspondía abonar a cada un dos propietarios.

Dita proposta foi aprobada polo Pleno do Concello de 29 de xullo de 2014.

Nos contratos aprobados polo Pleno figuraban Dña. Laura Graña Esperón como propietaria das parcelas 5-1 e 5-6, coa renda que lle correspondía polos cinco anos.

E habendo fallecido Dna. Laura Graña Esperón e sendo herdeira das dúas finca a súa filla Dna. Laura Dapena Graña (que xa figuraba como filla e copropietaria coa súa nai no contrato asinado o 2 de setembro de 2008, procede prestar aprobación ós dous novos anexos-contratos de 22 de setembro de 2014, entre Dna. Laura Dapena Graña e o Sr. Alcalde, coas mesmas condicións propostas por esta Alcaldía o 18 de xuño de 2014. Poio a 22 de setembro de 2014. O ALCALDE Asdo. D. Luciano Sobral Fernández”.

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número legal de membros, en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) acordou:

Primeiro: Prestar aprobación nos seus propios termos á proposta da Alcaldía transcrita no presente acordo.

Segundo: Dar conta do presente acordo ao Pleno e á Comisión informativa de facenda, gobernación e contas na primeira sesión ordinaria que celebre, para os efectos establecidos no art. 126.2º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.”.

Con data 20 de outubro de 2014 ditaminouse favorablemente dito asunto pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas.

Non suscitándose debate ningún, o pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Ratificar o acordo número 12533 adoptado pola Xunta de Goberno Local polo que se aprobou nos seus propios termos á proposta da Alcaldía transcrita no presente acordo.

Segundo: Dar conta do presente acordo ao Pleno e á Comisión informativa de facenda, gobernación e contas na primeira sesión ordinaria que celebre, para os efectos establecidos no art. 126.2º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

4020.- PATRIMONIO, RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D. CÁNDIDO ESCUDERO SOBRAL, EXPEDIENTE INVESTIGACIÓN DE OFICIO TRAMO CAMIÑO EXISTENTE DETRÁS DO CEMITERIO DE SAN XOÁN.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do recurso de reposición presentado por D. Cándido Escudero Sobral no Rexistro Xeral do Concello de Poio con data 04 de setembro de 2014, núm. 4649 contra o acordo do Pleno número 3989 adoptado en sesión realizada o 29 de xullo de 2014 polo que se acorda declarar como camiño público o tramo de investigación sito no lugar de Convento e obxecto do expediente 5/2009 do Servizo de Patrimonio.

Con data 15 de outubro de 2014 pola Secretaria Xeral do Concello emítase o seguinte informe: “Visto o recurso de reposición presentado por D. Cándido Escudero Sobral o día 4 de setembro de 2014 no Rexistro do Concello e co número de entrada 4649 contra o acordo do Pleno realizado en sesión ordinaria realizada o 29 de xullo de 2014, no que se acordou declarar como camiño público o treito que ten o seu inicio ó rematar a zona asfaltada do núcleo de vivendas da rúa Convento e continúa en dirección norte cara a parte traseira do cemiterio de San Xoan.

Tendo en conta:

Antecedentes de feito máis destacados:

- O día 20 de agosto de 2012 a Xunta de Goberno Local acordou iniciar de novo o expediente de investigación de oficio sobre o camiño, dar conta do presente acordo ao departamento de Patrimonio e notificar acordo aos interesados.

- O 22 de agosto de 2012 enviase ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP) o

anuncio para que proceda á súa publicación urxente.

- O día 22 de maio de 2013 notificaselle a D^a Maria Dolores Fernández de la Mora e Mon e a Dn. Cándido Escudero Sobral comunicándolle o inicio do período de proba e dándolle un prazo de 10 días hábiles para que propoñan sistema de proba.

- O día 3 de xuño de 2013 recíbese escrito de Dn. Cándido Escudero Sobral solicitando o interrogatorio de testigos.

- O día 4 de xuño de 2013 presenta escrito Dn. Federico Curt Martínez e Dna M^a Dolores Fernandez de la Mora y Mon no que solicitan unha relación de probas.

- O día 26 de agosto de 2013 aprobase a proposta da Alcaldía do día 22 de agosto de 2013 pola que se nomea como órgano instructor a Dn. Xulio Barreiro Lubián.

- O día 16 de xaneiro de 2014 notificaselle aos interesados acordo do instructor polo que entre outros se lle require a Cándido Escudero Sobral que identifique ás persoas propostas como testigos.

- O día 13 de marzo de 2014 notificaselle aos interesados providencia do instructor no que entre outras se aceptan as testificais propostas por Dn. Cándido Escudero Sobral, citándose só a aquelas que este identificou con nomes e apelidos e fíxase o día para a celebración da práctica da proba.

- O día 21 de marzo emite informe o Enxeñeiro Municipal .

- O día 2 de marzo de 2014 realizase a practica testifical.

- O día 3 de xuño de 2014 emite informe a Secretaria do Concello.

- O día 3 de xuño notificase oficio da alcaldía aos interesados persoados no expediente un trámite de audiencia de 10 días hábiles para que poidan examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen convenientes.

- O día 9 de xullo de 2014 emite informe a Secretaria Municipal tendo en conta que no foron presentadas ningunha alegacións no período do trámite de audiencia.

- O día 9 de xullo de 2014 proposta de resolución.

- O día 29 de xullo de 2014 acordo 3989 do Pleno polo que se acorda declarar como camiño público o tramo en investigación, así como dar traslado aos interesados do acordo adoptado.

Consideracións xurídicas:

1.-Competencia.

O artigo 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que os actos administrativos que poñan fin a vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou ou ser impugnados directamente ante o orden xurisdiccional contencioso-administrativo.

Os acordos do Pleno poñen fin a vía administrativa en virtude do disposto no artigo 52.2 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, polo que de conformidade co establecido no artigo 116 de la LRJ-PAC, a competencia para resolver o recurso de reposición obxecto da presente resolución corresponde ao Pleno.

2.- Lexitimación.

Establece o artigo 52.1 da LBRL, que contra os actos e acordos das Entidades locais que poñan fin a vía administrativa, os interesados poderán exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

O que nos leva ao concepto xurídico da condición de interesado que establece a LRJPAC, concretamente neste caso, o disposto no seu apartado artigo 31.1.b) polo que o agora recorrente ostentou a condición de interesado ao longo do procedemento, por ser titular dunha parcela que lindaba co camiño obxecto de investigación, podendo resultar afectados os seus dereitos coa resolución recaída no mesmo. A súa condición de interesado mantívose ao logo de todo o procedemento e ata o momento da resolución final da cal

se lle dou traslado, posto que non foi comunicado ata o momento de interpor o recurso potestativo de reposición que a parcela pola cal ostentaba tal condición había sido transmitida.

Comprobado o manifestado a través da Oficina Virtual do Catastro ao que este Departamento ten acceso, observase que, a pesares de non ser comunicado con anterioridade, efectivamente se procedeu a un cambio na titularidade da parcela o día 28 de xullo de 2014, momento no cal o agora recorrente deixa de ostentar a condición de interesado no procedemento por non ostentar ningún dereito que puidese resultar afectado pola resolución recaída, sucedendoo en tal condición o adquirente da parcela, pois derivase dunha relación xurídica transmisible, tal e como dispón o artigo 31.3 da LRJ-PCA.

Neste sentido, a sentenza do Tribunal Supremo de 18 febreiro de 2011 “Esta especial configuración do proceso contencioso-administrativo proporciona uns perfis propios a lexitimación do recorrente, cuxa concreta pretensión procesal debe gardar necesariamente relación ou vinculación con un interese -do que debe aparecer como titular- comprometido ou prexudicado por esa concreta actuación administrativa previa.

É posible tamén, como neste proceso se sostén, que o interese concernido pola actuación administrativa previa o fose de quen trae causa o recorrente, sempre que se trate de relacións ou situacións transmisibles, o que pode dar lugar a unha sucesión na lexitimación, xa sexa no procedemento administrativo - ex art. 31.3 de la Lei 30/1992 que establece que " cando a condición de interesado derivase de algunha relación xurídica transmisibile, o dereitoohabiente sucederá en tal condición cualquera que fose o estado do procedemento" -, xa sexa no proceso contencioso-administrativo - ex art. 22 de la LJCA (...).”

Por todo o anterior, o recorrente carece de lexitimidade para interpoñer recurso potestativo de reposición.

3.- Prazo de resolución.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso potestativo de reposición é de un mes, tal e como establece o artigo 117.2 da LRJ-PAC, transcorrido o cal, de non ditarse resolución entenderase desestimado por silencio administrativo.

É obriga da Administración resolver en todos os procedementos, calquera que sexa a forma do seu inicio, ditar resolución expresa e notificala, tal e como dispón o artigo 42.1 da citada Lei.

En atención ao exposto debe procederse a inadmitir o recurso de reposición presentado por D. Cándido Escudero Sobral contra o acordo núm. 3989 adoptado polo pleno en sesión ordinaria celebrada o vinte e nove de xullo de dous mil catorce, por falta de lexitimación no accionante.”.

Con data 20 de outubro de 2014 sométese o expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Inadmitir o recurso de reposición presentado por D. Cándido Escudero Sobral contra acordo número 3989 adoptado polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 29 de xullo de 2014 polo que se acorda declarar como camiño público o tramo de investigación sito no lugar de Convento e obxecto do expediente 5/2009 do Servizo de Patrimonio.

Segundo: Notificar o presente acordo ao solicitante con indicación de que contra este acordo pode directamente no prazo de dous meses, desde a notificación, interpo-lo Recurso Contencioso-Administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1988, de 13 de xullo; reguladora das xurisdicción contencioso-administrativa.

4021.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DAS EELL

RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2014.- Pola Secretaría presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20 de outubro de 2014 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade, a interventora municipal da conta do expediente manifestando que dando cumprimento á Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro remitiuse, o pasado 16 de outubro de 2014, a obriga trimestral de subministro de información das Entidades Locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con relación os datos referentes o terceiro trimestre do exercicio 2014.

A Comisión dáse por enterada.”.

A Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4022.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA.- Pola Secretaría presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte con data 08 de outubro de 2014 e que di o que segue: “A violencia machista é unha realidade que golpea día tras día as mulleres deste país. O 24 de marzo deste mesmo ano a Secretaría xeral de Igualdade facía público o Informe anual de seguimento da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que deixaba uns datos demoledores e que recollía as medidas implementadas pola Xunta de Galiza, que esta xulga oportunas cando todos os indicadores sinalan que son claramente insuficientes. Para as mulleres e as organizacións que loitamos contra a violencia machista, é un feito incontestábel que non podemos continuar a contar o número de mulleres asasinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen o conxunto da cidadanía e trasladen ás mulleres un verdadeiro apoio e a garantía de se respectar o seu dereito a vivir unha vida digna sen violencia.

Para alén desta consideración, levan causado un forte escándalo social as declaracións humillantes e vexatorias para as mulleres que diferentes cargos institucionais realizan de maneira impune, contribuíndo a crear un clima de indefensión e de inseguranza que nada axuda a crear a conciencia necesaria de que a violencia machista só pode merecer a tolerancia cero desde institucións e organizacións políticas.

O feito de que ano tras ano as administracións non sexan capaces de frear a violencia contra as mulleres e de crear conciencia na sociedade para facer efectiva a prevención e/ou a resposta inmediata, indigna amplos sectores da cidadanía que constatan inexistencia de medidas reais que cheguen a todos os ámbitos da vida e que sirvan, dunha vez por todas, para demostrar que o compromiso coa loita contra o machismo é unha prioridade política absoluta.

É responsabilidade do conxunto da cidadanía e, en particular, das persoas con responsabilidades políticas, garantir o cumprimento das leis orgánica e galega, protexer as vítimas da violencia machista e as/aos menores ao seu cargo, exixir que os medios de comunicación non contribúan a crear e manter prexuízos sexistas, traballar para que a comunidade educativa eduque verdadeiramente en igualdade e denunciar todas e cada unha das agresións que as mulleres sofren no día a día.

Co obxectivo de exercer este compromiso día a día, no marco da celebración todos os días dos contidos que só parecen existir arredor da data do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia contra as Mulleres, a Corporación municipal

Acorda:

1. Trasladarlle á Xunta de Galiza o urxente desenvolvemento legislativo do artigo 39 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que se recolla, como mínimo:

- A regulación das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero co obxectivo de establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían nas convocatorias dos anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010 e eliminando a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas neste artigo.

-A garantía de que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano.
- A fixación dun prazo máximo de 30 días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude.

- A ampliación da duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

2. Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar os agresores.

3. Elaborar un plan de formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia de xénero.

4. Exixir o cumprimento da normativa en publicidade sexista, chegando a romper patrocinios con aqueles medios que o incumpriren.

5. Ser exemplares na loita contra a violencia cotiá e os micromachismos e, por tanto, rexeitando e exixindo responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeren declaracións machistas.

6. Diseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade.”

A concelleira de Benestar Social e Igualdade, Lidia Salgueiro Piñeiro explica aos asistentes que a moción figura como do BNG, porque no obtivo resposta dos outros grupos políticos en tempo para esta Comisión, no obstante o PSOE xa a consensuou e co portavoz do PP, non puido contactar ata o de agora.

Explicou o contido da moción aos asistentes, e non habendo intervencións a Presidenta somete a votación a mesma, obtendo cinco votos a favor, tres do B.N.G. e dous do P.P.

Os membros presentes de PP, aclaran que o portavoz, Angel Moldes, estivo ausente, no obstante manifiestan a súa vontade de que sexa consensuada polo seu grupo, indicándolle a concelleira que o volva a contactar antes do Pleno.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Trasladarlle á Xunta de Galiza o urxente desenvolvemento lexislativo do artigo 39 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que se recolla, como mínimo:

- A regulación das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero co obxectivo de establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían nas convocatorias dos anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010 e eliminando a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas neste artigo.

-A garantía de que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano.

- A fixación dun prazo máximo de 30 días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude.

- A ampliación da duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

Segundo.- Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar os agresores.

Terceiro.- Elaborar un plan de formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia de xénero.

Cuarto.- Exixir o cumprimento da normativa en publicidade sexista, chegando a romper patrocinios

con aqueles medios que o incumpriren.

Quinto.- Ser exemplares na loita contra a violencia cotiá e os micromachismos e, por tanto, rexeitando e exixindo responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeren declaracións machistas.

Sexto.- Deseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade.”

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

4023.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á PROHIBICIÓN DA PESCA DO XEITO NAS NOSAS COSTAS.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura ao texto da moción presentado polo Grupo Municipal Socialista no Rexistro Xeral o 24 de outubro de 2014, número 5505 e que di textualmente: “A Comisión Europea quere prohibir as redes de deriva, entre as que se atopa unha pequena rede de carácter artesanal, con escasa incidencia sobre os recursos pesqueiros e con unha íntima incidencia sobre o ecosistema mariño, respectuosa e selectiva. Esta rede denomínase Xeito e trátase dunha arte pesqueira puramente artesanal usada en pequenas localidades costeiras de Galicia, para a captura da sardiña.

É unha arte moi respectuosa co medio xa que apenas produce capturas incidentais posto que ose uso realízase en zonas moi pretas as costas, dentro das rías galegas e sendo ademais unha arte que non permanece calada máis de dúas horas.

Na actualidade só en Galicia, máis de 400 embarcacións contan con permiso de pesca para esta arte e mais de 1000 familias dependen directamente desta pesqueira.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Poio, propón ao Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar a Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que defenda ante a Comisión Europea a pesca do Xeito por ser unha arte tradicional que se realiza no interior das costas de Galicia.”.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista no que manifesta que a Pesca do Xeito se leva practicando moitos anos en Galicia e agora a Unión Europea pretende suprimir este arte porque pensarn que é prexudicial pero para nada prexudica ao medio mariño. Nos queremos que se aprobe esta moción xa que esta normativa entraría en vigor o vindeiro 01 de xaneiro.

O Sr. Barreiro Lubián di que o BNG está de acordo coa moción, xa que se trata dunha práctica artesanal, esta é unha consecuencia máis de estar na UE, non valoran as nosas costumes. Non se pode comparar con outro tipo de pesca, non ten impacto co medio mariño. Cremos que a Xunta e o Goberno Central tomen medidas para que non se prohiba.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o seu grupo está a favor da moción e que este tipo de medidas responden ao descoñecemento dos comisionarios da UE no tema, non poden comparar esta actividade con outras.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a moción presentada relativa a prohibición da pesca do xeito nas nosas costas a que queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar a Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que defenda ante a Comisión Europea a pesca do xeito por ser unha arte tradicional que se realiza no interior

das costas galegas.

4024.- PATRIMONIO, DESAFECTACIÓN DO TERREO CORRESPONDENTE AO PARQUE DE COSTA XIRÁLDEZ, COMPROMISO DE INSCRICIÓN DA CESIÓN.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura á proposta da Concelleira Delegada de Vías e Obras de data 27 de outubro de 2014 e que di o seguinte: “Con data 23 de outubro de 2014 e número de rexistro 5467 no Rexistro Xeral do Concello recíbese escrito da Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra- Secretaría Xeral de Patrimonio no que aos efectos de continuar coa tramitación do expediente de desafectación da finca denominada Costa Xiráldez-Lourido de referencia catastral 36041A04400969000000 e superficie de 16.942,00 m² solicitan a remisión de acordo plenario deste Concello de compromiso de inscrición da cesión da propiedade dos terreos no Rexistro da Propiedade. Tendo en conta o anteriormente exposto PROPOÑO ao Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo: **Primeiro:** Comprometerse á inscrición da cesión en propiedade no Rexistro da Propiedade dos terreos desafectados e correspondentes á Finca denominada Costa Xiráldez-Lourido cunha superficie de 16.942,00 m². **Segundo:** Remitir o presente acordo á Secretaria Xeral do Patrimonio xunto coa demais documentación relacionada no requirimento efectuado.”.

Non suscitándose debate ningún sométese a votación a proposta da Concelleira Delegada de Vías e Obras a que queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Comprometerse á inscrición da cesión en propiedade no Rexistro da Propiedade dos terreos desafectados e correspondentes á Finca denominada Costa Xiráldez-Lourido cunha superficie de 16.942,00 m².

Segundo: Remitir o presente acordo á Secretaria Xeral do Patrimonio xunto coa demais documentación relacionada no requirimento efectuado.

4025.- CONTRATACIÓN, PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS CORRESPONDENTES AO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS E SELECTIVA) LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTEDORES E PAPELEIRAS NO CONCELLO DE POIO.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co establecido no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais pola Secretaria presente na sesión dáse conta aos membros presentes do expediente tramitado polo Servizo de Contratación para a licitación do servizo público de “Prerrecollda, recollida, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos (Sólidos e selectiva) limpeza viaria e lavado e limpeza de contedores e papeleiras no Concello de Poio” e dos antecedentes de feito máis relevantes:

Tras a aprobación do expediente mediante acordo plenario adoptado en sesión ordinaria realizada o 27 de maio de 2014, o 27 de xuño de 2014 publicáronse os correspondentes anuncios de apertura de licitación no Perfil do Contratante, Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia de data 27 de xuño de 2014.

Dentro do prazo establecido no mesmo preséntanse á licitación as seguintes empresas: Urbaser, SA,; FCC, Fomento de Construcciones y Contratas, SA; CESP (Grupo Ferrovial Servicios), Valoriza Servicios

Medio Ambientales; Recolte, Servicios y Medio Ambiente, SAU y UTE Ascan-Geaser. As 6 empresas presentadas á licitación foron declaradas admitidas segundo se desprende da Acta de mesa de contratación realizada con data 8 de setembro de 2014, por presentar a documentación correspondente ao sobre A segundo se indicaba na cláusula 10 do PCA.

Con data 26 de setembro de 2014 réunese novamente a Mesa de Contratación coa finalidade de proceder á apertura dos Sobres B correspondentes á documentación técnica: criterios sometidos a xuízo de valor, proxecto de explotación e datos económicos do servizo pasando a informe técnico para a valoración das mesmas. Valoración que se leva a cabo polo enxeñeiro municipal e pola empresa adxudicataria dos traballos de asesoramento na valoración da documentación técnica sometida a xuízo de valor, Lagares Oca, S.L.

Con data 24 de outubro de 2014 réunese novamente a Mesa de Contratación na que se da conta do informe emitido polo Enxeñeiro Municipal (que se transcribe de seguido no apartado sexto) de data 21 de outubro 2014 así como do informe emitido pola Empresa Lagares oca (empresa que se encargou do asesoramento na materia) na que, por maioría, acordan asumir o contido dos informes emitidos excluindo do procedemento á empresa Recolte ao non superar a puntuación mínimo a exigida na cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas para acceder á segunda fase: “Título: Procedimiento abierto, bajo la modalidad de concesión administrativa y tramitación ordinaria, de la gestión indirecta mediante concesión del servicio público de pre-recogida, recogida domiciliaria, transporte y transferencia de residuos sólidos urbanos (RSU), limpieza viaria, según se describe en el artículo 6 del pliego de cláusulas técnicas (PPT), en el término municipal de Poio. CRITERIO DE JUICIO DE VALORES

Analizadas las seis ofertas presentadas para la **valoración del sobre B con una puntuación máxima de 50 puntos del total de 100 del “PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABRÁN DE REGIR LA CONTRATACIÓN DE LA GESTIÓN DEL SERVICIO PÚBLICO DE PRERRECOGIDA, RECOGIDA, TRANSPORTE Y TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS Y SELECTIVA), LIMPIEZA VIARIA Y LAVADO Y LIMPIEZA DE CONTENEDORES EN EL TÉRMINO MUNICIPAL DE POIO.”** y de acuerdo con el Pliego de Cláusulas Administrativas particulares que rige el Procedimiento y forma de adjudicación, se ha procedido al análisis de la cláusula 11.2 del sobre B en el que están incluidos los documentos que serán precisos para valorar los criterios que dependan de un juicio de valor, el cual deberán incluir la documentación relativa a:

-Proyecto de explotación de los Servicios presentado. Se valorará hasta un máximo de **24 puntos**.

Para valorar este criterio se tendrán en cuenta los siguientes aspectos:

- Personal propuesto, adaptado a las prestaciones también propuestas.
- Plan de organización de los servicios: equipos, horarios, rutas, itinerarios, frecuencias.
